

CRITERIOS DE NÚMERO DE VOTOS

Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario. (DOG, 29/04/88). Modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril (DOG do 17 de maio) e polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria. (DOG, 09/08/96)

REPRESENTANTES DO PROFESORADO

“Cada profesor ou profesora fará constar na súa papeleta un máximo dun, dous, tres, catro ou cinco nomes da lista de candidatos segundo corresponda a renovación de menos de tres, tres, catro, cinco ou mais de cinco profesores respectivamente.

Nomes a votar	Nº de Candidatos
1	Menos de 3
2	Tres
3	Catro
4	Cinco
5	Máis de cinco

REPRESENTANTES DO ALUMNADO, REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS

Artigo 42.-

(Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto). “O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector, que deberá acreditar a súa personalidade mediante a presentación do documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo, fará constar na súa papeleta un, dous ou tres nomes da lista de candidatos e candidatas, segundo corresponda elixir menos de tres, tres ou mais de tres, respectivamente.

Nomes a votar	Nº de Candidatos
1	Menos de 3
2	Tres
3	Máis de 3